




TUI arte, historia e panorámicas

Adela Leiro, Mon Daporta
Outubro 2024



Distancia: 2 a 4 km
Percorrido: variable



Pasamos por Tui dúcias de veces, máis a miúdo cando ir ou vir de Portugal se facía pola “ponte de ferro”, e temos feito noutras ocasións algunhas paradas curtas para un descanso ou unha visita puntual; mais nunca o fixemos con tempo abondo para percorrer polo miúdo a parte antiga, para deixarse levar polo labirinto de costas, escaleiras, muros e edificios que conforman o seu conxunto Histórico Artístico; nunca para un camiñar pausado que permitira gozar da harmonía da pedra coa pedra, e o contraste das “moles” sacras coas mínimas vivendas populares que, ben apegadas unhas ás outras, se adaptan e aferran ao relevo deixando, entre ringleiras, o espazo xusto para o seu servizo, e

outras edificacións de distintas épocas que reflicten o desenvolvemento e a importancia da localidade que foi, até o ano 1833, capital dunhas das sete provincias nas que dividía o antigo Reino de Galiza; e, por suposto, moito menos para deixarse sorprendido polos detalles e a paisaxe na que sempre están presentes: abaixo, o río, e arriba, o perfil da catedral. Mais, desta volta, cando, a intento, lle dedicamos a calma que merecía, pagou ben o tempo que ocupamos en percorrela, aínda que nos recordou, e non para o noso gusto, que a pesares de que a distancia non é moita as subidas e baixadas requiren o seu esforzo.

PERCORRIDO

A visita a Tui pódese facer cunha camiñada circular que podemos comezar en calquera dos que imos considerar os seus extremos: os xardíns de Troncoso e a contorna da catedral.

Os xardíns de Troncoso, asentados sobre un tramo da antiga muralla, un espazo tranquilo, arborado e coidado, permítenos unha achega ao convento de San Domingos e lévanos ao miradoiro, desde onde temos unhas fermosas panorámicas da parte antiga da cidade, coroada pola catedral, e do río Miño coa ponte internacional e Valença. Saímos, pola beira do convento, á rúa e indo por ela abaixo temos, pasada a residencia, á dereita, cara ao río, un fermoso conxunto de fonte, pía e lavadoiro. De aquí podemos baixar ao porto ou comezar un ruar que, se non é na primeira volta será na seguinte, nos levará, por rúas encostas, con escaleiras e até pasadizos baixo os edificios -polo convento das Clarisas, e as capelas de San Telmo e da Misericordia- á catedral. A catedral de Tui, construída entre os séculos XII e XIII, é única nas súas características: fortificada, comezada de estilo románico e rematada cun pórtico de arcos apuntados considerado como o iniciador do gótico na Península Ibérica.

Pechamos o percorrido volvendo da catedral aos xardíns polo Paseo da Corredoira, para gozar do espazo e ver o conxunto de San Francisco.



Xardíns de Troncoso.



Igrexa de San Telmo



Rúa do Ouro e túnel das Clarisas.

Vista de Tui desde o miradoiro dos xardíns.





Catedral de Santa María.





Vista do cunhw de Tui coa catedral no centro.



Ábsida e porta lateral do convento de San Domingos.



Rúa Entre Fornos.





Mosteiro da Concepción
Santa Clara (as Encerradas)



Fonte e lavadoiro

O río Miño e Tui desde Valença

